

AUTOR

Ramón Blanco

ILUSTRADOR

Xan López
Domínguez

TEMAS

Amizade. Traballo en
equipo. Solidariedade.
Familia. Mundo rural.
Fantasía e imaxinación.
Memoria. Incendios

COMPETENCIAS

Sociais e cívicas.
Ciencia e tecnoloxía

RELACIÓN
CON OUTRAS ÁREAS

Educación Artística
(Plástica)

N.º DE PÁXINAS: 80



Pegasiño

Un amigo de catro rodas

POR QUE LER ESTE LIBRO

Porque recupera en primeira persoa unha lembranza infantil arredor da relación dun neno cun camión que se converte no seu confidente e co que vive variadas anécdotas que favorecen a comunidade na que vive. Porque poñe en valor a vida no rural e a solidariedade entre os veciños.

RESUMO DO ARGUMENTO

Pachín lembra o seu mellor amigo da infancia, Pegaso, o camión do seu pai, e conta as anécdotas que ambos compartiron. Tamén recorda cando foron á praia; cando o pai lle permitiu guiar o camión; como rescatou uns veciños dun incendio e mesmo o accidente que sufriu unha vez. Malia que de maior se converteu en funcionario, Pachín non deixou de viaxar con Pegaso ata que este se fixo vello.

PARA QUEN É ESTE LIBRO

Para todo tipo de lectores, xa que a narración é tenra e moi sinxela e ilustra como imaxinan e interpretan a súa contorna os máis pequenos.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

INDIVIDUAL

Para asegurar que seguen ben os diferentes **momentos do relato**, pide aos teus alumnos que respondan por escrito estas cuestións:

- Ponlle un título a cada capítulo.
- Copia unha cita que demostre a importancia de Pegaso na vida de Pachín.
- No capítulo 2, indica que estación do ano é e que vai facer a familia de Pachín.
- Para Pachín, o mellor regalo de aniversario que recibe é...
- Para Pachín, quen salvou a seu pai e os pasaxeiros do autobús?
- Explica que síntomas indican que Pegasiño xa é maior.


PARELLAS

Antes da lectura, proponse que imaxinen un argumento por parellas a partir das imaxes do libro. Conserva o seu traballo ata o final da lectura e comentade na aula as **coincidencias** que se produzan, as **diferenzas** e as achegas argumentais máis sorprendentes e orixinais.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

Aproveitando a reutilización das pezas de Pegasiño noutros camións, proponse que busquen información sobre outras maneiras de darlles nova vida aos obxectos que xa non usamos: reciclaxe, troco, doazóns a entidades, etc. Mesmo podeades falar da doazón de órganos.

Para completar a actividade, organiza un **taller de manuais** arredor da transformación de obxectos cotiáns que xa non serven: lámpadas fundidas, papel e cartón, botellas de plástico, etc.



TALLER DE ESCRITURA

Pachín quere ser camioneiro coma o seu pai cando sexa maior. Pide aos teus alumnos que escriban un texto no que dean resposta á pregunta «E a ti, que che gustaría ser de maior?». Deben xustificar por que lles gusta esa **profesión**, explicar se hai alguén na súa familia que desempeñe ese traballo, e cales son as materias que cren que deberán estudar para aprender o oficio.